

Venres, 8 de marzo de 2024

Núm. 49

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****PONTEAREAS****Ordenanzas e Regulamentos***APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA REGULADORA PREZO PÚBLICO POLA CESIÓN
DE ESPAZO NO CENTRO DE DINAMIZACIÓN EMPRESARIAL**ANUNCIO*

*APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA CESIÓN
DE ESPAZOS NO CENTRO DE EMPRENDEMENTO, DINAMIZACIÓN EMPRESARIAL E ESPAZO DE
COWORKING DO CONCELLO DE PONTEAREAS.*

*O Pleno en sesión celebrada o 28/11/2023 aprobou inicialmente a Ordenanza reguladora do
prezo público do Centro de Emprendemento, Dinamización Empresarial e espazo de coworking.*

O acordo de aprobación inicial foi publicado no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello (físico e electrónico) o 12 de decembro de 2023, abríndose período de información pública por un prazo de trinta días hábiles, para que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. Dentro do prazo foi presentada alegación por José Carlos Vázquez Míguez, en relación á memoria económica que se inclúe no expediente.

En sesión plenaria ordinaria celebrada o 27 de febreiro de 2024 acordouse:

PRIMEIRO.— Estimar a alegación primeira, segunda e cuarta presentada por José Carlos Vázquez Míguez, e desestimar a terceira das alegacións.

SEGUNDO.— Aprobar definitivamente a Ordenanza reguladora do prezo público do Centro de Emprendemento, Dinamización Empresarial e espazo de coworking, de conformidade co texto que se anexa.

TERCEIRO.— A entrada en vigor da Ordenanza producirase no prazo de 15 días hábiles a contar dende a publicación do texto íntegro do acordo no BOP. O Concello debe remitir á Administración do Estado e ao Departamento competente da Comunidade Autónoma, no prazo de quince días desde a aprobación, copia do acordo definitivo de aprobación e copia íntegra do texto da Ordenanza o, ou no seu caso, a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial.

Contra o acordo de aprobación definitiva, os interesados poderán interpor ante a Sala do Contencioso- Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recurso Contencioso- Administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP.



Venres, 8 de marzo de 2024

Núm. 49

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA CESIÓN DE ESPAZOS NO CENTRO DE EMPRENDEMENTO, DINAMIZACIÓN EMPRESARIAL E ESPAZO DE COWORKING DO CONCELLO DE PONTEAREAS*ARTIGO 1.— FUNDAMENTO E NATUREZA XURÍDICA*

En uso das facultades concedidas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, así como de conformidade co disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Ponteareas establece un prezo público pola cesión a título oneroso de espazos no Centro de Emprendemento, Dinamización Empresarial e Espazo de Coworking do Concello de Ponteareas, seguindo o recollido na Ordenanza reguladora do para o seu uso.

ARTIGO 2.— OBXECTO DO PREZO PÚBLICO

É obxecto deste prezo público a utilización e aproveitamento das instalacións do Centro de Emprendemento, Dinamización Empresarial e Espazo de Coworking do Concello de Ponteareas.

ARTIGO 3.— OBRIGADOS AO PAGO

Son suxeitos pasivos calquera persoa física ou xurídica cuxo proxecto empresarial cumpra unhas condicións mínimas de viabilidade e reúnan os requisitos sinalados na Ordenanza reguladora correspondente.

ARTIGO 4.— TARIFAS

Establécense as seguintes tarifas pola utilización e aproveitamento dos diferentes espazos do Centro de Emprendemento, Dinamización Empresarial e Espazo de Coworking do Concello de Ponteareas.

Posto Viveiro de Empresas	60 euros/mes
Espazo de Co-Traballo	25 euros/mes
Sala de Reunións	20 euros/hora
Sala de Formación	150 euros/sesión
Sala de usos múltiples	150 euros/sesión

Non estarán suxeitas ao pago deste prezo os actos organizados polo Concello, así como as que sexan consecuencia de intercambios, convenios con outras institucións ou desenvolvidos no marco das obrigacións contractuais que se puideran establecer con entidades xestoras.

En todo caso, o importe destas tarifas aplicaráselles o Imposto sobre o Valor Engadido correspondente de acordo coa lexislación vixente.



Venres, 8 de marzo de 2024

Núm. 49

ARTIGO 5.— NORMAS DE XESTIÓN

No caso de que o centro xestiñese polo sistema de concesión ou outras modalidades de xestión indirecta, o contrato ou convenio poderá facultar ao concesionario para a xestión e recadación dos prezos públicos nos termos e condicións sinaladas no prego de condicións e demais normativa contractual.

No caso de servizos de prestación periódica, mensualmente elaborárase pola administración do centro unha listaxe cobratoria, que será remitida á Tesouraría municipal para tramitar a súa aprobación polo Ilmo. Sr. Alcalde ou Concelleiro Delegado, e posterior execución recadatoria.

A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas orixinarán a baixa automática no centro.

As débedas polo prezo público esixíranse polo procedemento administrativo de prema pola administración municipal se transcorrido o prazo de pago en período voluntario estas non se satisfixeron.

As prestacións con prezos mensuais, non se ratearán por días.

No caso de servizos de prestación puntual (sala de reunións, sala de formación e sala de usos múltiples), no momento en que se solicite a prestación dos servizos previstos na mesma, esixírase o depósito previo do prezo público coa obrigaición de autoliquidar o importe e ingresar a cantidade resultante para aportar o xustificante coa solicitude. Unha vez autorizado o uso ou a prestación aplicarase á contía do prezo ao depósito previo ingresado procedendo no seu caso e segundo indique a Resolución a realizar os abonos ou a esixir os importes complementarios que procedan. En caso de denegación da solicitude, procederase a devolver o importe ingresado.

Cando o interesado renunciase ou non comparecese ao uso autorizado, non terá dereito a devolución algunha.

ARTIGO 6.— SERVIZOS INCLUÍDOS

Para todos os espazos e salas inclúense como mínimo os seguintes servizos comúns: impresora/fotocopiadora, rede wifi e conexión por cable, zona común de descanso con neveira e microondas e destrutora de papel.

Os suxeitos pasivos que abonen o prezo correspondente a un posto no viveiro de empresas ou ocupen un espazo de co-traballo, poderán desfrutar polo mesmo importe da sala de formación, sala de reunións e sala de usos múltiples.

A sala de formación e a sala de reunións están equipadas cunha pantalla táctil traulux con equipamento ofimático, taboleiro dixital e videoconferencia.



Venres, 8 de marzo de 2024

Núm. 49

ARTIGO 7.— INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En todo o relativo ás infraccións tributarias e as correspondentes sancións aplicarase o réxime regulado na Lei Xeral Tributaria e o disposto nas disposicións que a desenvolven.

ARTIGO 8.— MODIFICACIÓN DE PREZOS

Ao tratarse dunha ordenanza reguladora dun prezo público, delégase na Xunta de Goberno Local a posibilidade de modificar os prezos recollidos na presente ordenanza.

Valorando o interese representativo, benéfico, cultural ou social do acto, a Xunta de Goberno Local ou órgano en quen delegue poderá reducir o importe das tarifas fixadas no artigo 4 ou decidir a non esixencia de prezo algún.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor no prazo de 15 días hábiles a contar dende a publicación do texto íntegro do acordo no BOP. permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

